

Os mestres de Antonio Fraguas.

Xosé Carlos Morgade

Ilustracións: Beatriz Pérez Espiña

A súa primeira mestra foi a súa nai, que lle comprou un silabario cando Antonio tiña cinco anos, co que foi aprendendo as primeiras letras:

- Veña, repásaa outra vez- dicíalle a nai.

- O a, o be, o ce, o..., o... - ao chegar ao "d", nunca se acordaba.



- Acórdate polo dedo, neno...- interviña Mamá Antonia.

- Ah, é certo. O de. Grazas, Mamá Antonia.

Mamá Antonia era unha "criada da casa" desas que acaban sendo da familia. A nai de Antonio acolléaa había anos, para que a axudara na casa, ante a ausencia do pai. Era analfabeta, pero foi unha gran mestra para o neno, que aprendeu dela toda a literatura oral (contos, cantigas, lendas...) que coñeceu na súa infancia.

O pai non estaba. Cando naceu Antonio, o seu pai estaba traballando no Brasil. Cando volveu, o neno tiña xa sete anos, casou coa nai e recoñeceu:

- No Brasil, como era canteiro, traballaba na construción da vía do tren. Moita pedra piquei para asentar as travesas.

- E había locomotoras? E eu poderei guiar unha locomotora?-preguntaba Antonio.

- Pois si, neno. Se un día volvemos ao Brasil, guiarás unha locomotora. Pero tes que estudar e prepararte ben.

Con cinco anos, Antonio foi a unha escola de ferrado que había en Loureiro. Pero non aproveitou gran cousa. E iso que o mestre, don Celestino, estaba casado cunha tía súa.

- Vai á escola, pero non mellora. Xa anda polos once anos e aínda non le ben, Teresa. -queixábase o pai.

- Porque ese cuñado teu, o Celestino, como mestre non vale nada -respondíalle a nai. Mellor sería mandar o rapaz á escola do Conde de Cabanelas, na Lama.

Porque en Covelo, unha parroquia do concello da Lama, un emigrante que se fixo rico no Brasil, Manuel Barreiro Cabanelas (chamado popularmente o "Conde de Cabanelas"), acababa de construír un grupo escolar, dotalo do material máis moderno e contratar os mellores mestres.

- Diso nada. O Celestino é moi listo e aprende ben os nenos. Será o rapaz, que está saíndo moi túzaro.

- Pois eu non me conformo, Manuel. Vou ir falar co crego don Isidoro, que lle dá clase a algúns nenos, a ver se mo colle.

E así foi como Antonio foi ás clases do crego don Isidoro. Pero pouco durou,

porque o crego acabou botándoo aos poucos meses. Argumentaba que o rapaz non poñía atención no traballo.

- Outra vez mandoumo para a casa, don Isidoro? -laiábase a nai.

- Non quero ver máis ao teu rapaz nas miñas clases! Non está atento. Queda como un pasmón a mirar pola fiestra as pólas do castiñeiro. Hoxe, cando lle preguntei porque non lía, contestoume que era porque tiña preguiza. Así que non o quero ver máis por alí! -sentenciou o crego.

Estamos a fins de 1918, Antonio xa anda polos trece anos e os seus pais deciden emigrar a Brasil.

- As terras non dan para máis, Manuel -lamentábase a nai. E aínda que vaias traballar de canteiro cando te chaman, isto non ten traza. Non sei que imos facer.

- Antes de pasar fame aquí, marchamos os tres para Brasil -resolvía o pai. Alí hai traballo de sobra. E seguro que me han coller de encargado na construción das vías do tren.

- Papá, ti coidas que alí podo ser maquinista do tren?

- Ven acá, Antonio. Para ser maquinista do tren hai que prepararse moito. Vouche dicir o que imos facer: ti vas á escola tres meses e vas esforzarte en aprender moito.

- E así aprendo de maquinista?

- Despois vas outros tres meses a Vigo, a prepararte cun parente meu que traballa na estación do tren. E no verán collemos o barco para o Brasil, estamos?



- Si papá, esforzareime moito para prepararme ben.

- Pero non vai ir á escola do teu cuñado, Manuel –corixía a nai.

- Ai non? E logo onde vai ir, se pode saberse?

- O domingo pasado ao saír da misa, cando nos paramos a falar con don Antonio, o mestre que traballou na escola da Lama, ¿non viches o rapaz como atendía abraiado ás súas explicacións? Pois ese mestre está a poñer clases de pago en Famelga, así que vai alá, que non está lonxe, a ver se a este lle fai caso.

E de xaneiro a marzo Antonio foi á clase do mestre de Famelga. Marchaba cada mañá para alá con moita ansia. E cando en marzo rematou o tempo, o mestre díxolle que avisara ao seu pai para que fora falar con el.

- Señor Fraguas, non leve o rapaz ao Brasil, que lle vale moito –pediulle. Déalle unha carreiriña en Pontevedra.

- Don Antonio, non temos medios económicos para estudalo.

- Pode facer o bacharelato e, se lle vai ben, ir facendo a carreira de mestre. Non lle ha custar moito. Se quere, eu podo preparalo para o exame de ingreso.

O pai baixou de Famelga contento por ser a primeira vez que un mestre lle falaba ben do fillo, pero tamén moi

confundido, porque a proposta de don Antonio podía desbaratar os seus plans de emigrar.

- Iso foi o que me dixo, Teresa. Tal como cho conto –comentaba coa muller.

- Pois non se fale máis, Manuel. Ese mestre a min éncheme o ollo. E se di que o rapaz vale para estudar, pois ha estudar inda que teñamos que andar nós arrastrados polo chan.

- Ben, hai que botarlle terra á viaxe e facer pola vida en Cotobade. Que grande maquinista vai perder o Brasil! –cavilaba con retranca o pai.

Tres meses despois, en xuño, Antonio aproba o exame de ingreso no Instituto de Pontevedra (na antiga Escola de Artes e Oficios, hoxe edificio administrativo da Deputación na avenida de Montero Ríos). Preparárase durante o verán co mestre de Famelga e aproba por libre en setembro o primeiro curso.



Segue a prepararse por libre e aproba o segundo curso en xuño.

- Manuel, o mestre di que el xa pouco lle pode axudar ao rapaz –falaba a nai. Agora ten que estudar o terceiro curso e mellor sería que se matriculase por oficial, para poder ir a clase todos os días.

- Pero Teresa, non vai ir de Loureiro a Pontevedra cada día. Para que poida ir a clase habería que pagarlle unha pensión en Pontevedra.

- Pois se hai que pagarlle unha pensión pola semana, faise. Mira ti, ao cabo non era tan túzaro como pensabas.

E Antonio pasou a ser un alumno máis do Instituto de Pontevedra. Axíña se decatou de que aquel era un mundo moi distinto do seu. A maioría dos seus compañeiros falaban en castelán e eran fillos das familias máis importantes.

- Antonio, ¿Tu de donde eres?

- Eu? Do Quinteiro de Abaixo, na aldea da Insuela.

- ¿Y eso donde está?

- Na parroquia de Loureiro, concello de Cotobade.

- ¿Y está muy lejos?

- A máis de vinte quilómetros.

- ¡Uf! No me extraña que te llamen Antonio el de la aldea.

Pero no instituto atopou uns mestres que o axudaron e lle fixeron mirar a vida doutro xeito. Un deles foi Alfonso Rodríguez Castelao, profesor auxiliar de Debuxo.

- Non tomes a mal o que che digan por seres da aldea –aconsellábo Castelao. Pero tampouco te deixes asoballar. A xente do rural ten unha cultura de seu, a propia e tradicional de Galicia, que non é menos que a da xente da vila.

- Xa o sei, don Daniel. Teño a fachenda o ser da aldea. E de Cotobade aínda máis.

- Así me gusta. E coa lingua aínda consintas menos. O galego ten unha historia tan gloriosa coma o castelán. É a obra mestra do noso pobo.

- Non se apure, don Daniel. Eu exprésome moito mellor en galego. E non teño pensado cambiar de maneiras.

Pero o profesor que máis o influíu foi Antón Losada Diéguez, dunha familia fidalga de Boborás, preto do Carballiño.

- Antonio, ti es dunha aldea situada ao pé do monte, lonxe da vila, onde se conservan mellor as vellas crenzas e tradicións. Ti es, mellor que ninguén, o axeitado para recollelas e estudalas.

- Non entendo moi ben de qué fala, profesor Losada.

- En toda Europa, desde hai anos, científicos e artistas están a estudar a cultura popular de cada país, que antes era ignorada e desprezada. En Galicia algúns xa empezaron, pero aínda hai moitísimo por facer.

- E falando en concreto, qué hai que facer para estudar esa cultura?

- Pois recoller e analizar toda a literatura oral: as cantigas, os refráns, os ditos, as lendas... Tamén a música, as crenzas e os costumes. Todo iso que non se escribe, porque pasa de pais a fillos e de vellos a rapaces.

- E porque hai que recollela?

- Porque toda esa cultura está a desaparecer. E tamén é importante estudala, porque é a identidade do pobo galego.

- Eu xa sabía que iso que vostede chama cultura popular era importante, pero non pensei que lle interesara aos científicos.

Así foron os catro anos que pasou Antonio no instituto de Pontevedra. Coñeceu o desprezo á cultura do pobo galego e á súa lingua. E decidiu dedicar a súa vida a coñecerlas e

defendelas. Antes de rematar o bacharelato, xa fundara con algúns compañeiros a “Sociedade da lingua” para defender o idioma galego. E xa dera o seu primeiro mitin político. Xa non estudou para mestre, fíxose galeguista e agrarista.

De Pontevedra saíu para Santiago, a estudar na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade, sección de Historia. Foi historiador, xeógrafo, antropólogo, etnógrafo... e obtivo os galardóns máis importantes de Galicia.

“Eu traballei sempre por e para Galicia. Unhas veces acertei, outras non; pero en todo canto levo feito puxen sempre toda a miña ilusión, todo o pouco que sei, sen esperar nunca nada a cambio”.

Con moita frecuencia, os mestres que nos tocan arredor, os titulados e os que non exercen de tales, nomeadamente na infancia e mocidade, teñen unha influencia determinante nas nosas vidas e deciden o noso destino. Antonio Fraguas tiña que ser canteiro, ou maquinista do tren no Brasil, pero chegou a ser un dos mellores etnógrafos da nosa Terra, membro da senlleira xeración do Seminario de Estudos Galegos, que elevou a cultura popular galega á categoría de cultura nacional. Por iso a Real Academia Galega lle dedicou este ano o Día das Letras Galegas. Xa o dixo Filgueira Valverde, outro membro desa xeración: “Somos nós e os nosos mestres”.

Este relato está elaborado a partir de informacións extraídas da seguinte bibliografía:

- Fraguas, Fraguas, A.: Notas da miña vida e do meu tempo. Museo do Pobo Galego.
- Fraguas Fraguas, A.: O lugar e a casa onde nacín. Revista Grial, nº 144. 1999.
- González Pérez, C.: Antonio Fraguas. Ed. Ir Indo. 1998.
- González Pérez, C.: Antonio Fraguas Fraguas 1905-1999. Museo do Pobo Galego. Santiago 2006.

